| | | | ● EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. | ● 2ª avaliación. | ● É quen de identificar a mellor opción de financiamento externo en supostos prácticos. | PET, PEP, OB | ● CAA<br>● CD<br>● CMCCT |
| | | | ● EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. | ● 2ª avaliación. | ● Entende o papel dos mercados financeiros. | PET, PEP, OB | ● CAA<br>● CMCCT<br>● CSIEE |
| | | | ● EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. | ● 2ª avaliación. | ● Identifica as diferentes fontes de financiamento, | PET, PEP, OB | ● CMCCT<br>● CSIEE |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos avaliación | Competencias clave |
| | | | | | vantaxes e inconvenientes . | | |
| | | | ● EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. | ● 2ª avaliación. | ● Identifica a opción financeira máis importante nun suposto concreto. | PET, PEP, OB | ● CAA<br>● CMCCT |
| | | | ● EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. | ● 2ª avaliación. | ● Emprega ferramentas TIC para a obtención de conclusións. | PET, PEP, OB | ● CD<br>● CMCCT |
| | | | ● EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. | ● 2ª avaliación. | ● Identifica os tempos que integran o ciclo de explotación. | PET, PEP, OB | ● CCL<br>● CMCCT<br>● CSIEE |
| | | | ● EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. | ● 2ª avaliación. | ● Interpreta o PMM económico e financeiro. | PET, PEP, OB | ● CMCCT<br>● CAA<br>● CD |

*Distribución das* ***Unidades Didácticas*** *atendendo a bloques de contido:*

## *I.* ***A empresa***

Unidade 1: A empresa e o empresario.
Unidade 2: Clases de empresas.

## *II.* ***Desenvolvemento da empresa***

Unidade 3: Estratexia e desenvolvemento empresarial.

## *III.* ***Organización e dirección da empresa***

Unidade 4: Dirección e organización da empresa.
Unidade 5: Xestión dos Recursos Humanos

## *IV.* ***A función produtiva***

Unidade 6: Área de produción.
Unidade 7: Área de aprovisionamento.

## *V.* ***A función comercial***

Unidade 8: Área comercial. O márketing.

## *VI.* ***A información na empresa***

Unidade 9: Os estados financeiros da empresa e a fiscalidade .
Unidade 10: Análise dos estados financeiros da empresa.

## *VII.* ***A función financeira***

Unidade 11: Área de financiamento e investimento.

## e) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Todo proceso de ensino-aprendizaxe ten que dispor dos seguintes elementos:

- Planificación tendo en conta os obxectivos a alcanzar,
- Recursos precisos,
- Métodos didácticos máis axeitados,
- Métodos de avaliación,
- Mecanismos de control do proceso.

Seguindo as *Orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula*, reflectidas no Anexo II da Orde ECD/65/2015, a metodoloxía empregada ao longo do curso:

- Deseñarase en función dos condicionantes en que ten lugar o ensino: natureza da materia, condicións socioculturais, dispoñibilidade de recursos, características do alumnado, …
- Terá en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo,
- Axustarase ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo de aprendizaxes máis simples para avanzar cara outras máis complexas,
- Traballará a motivación do alumnado cara á aprendizaxe, facilitando a interacción nas clases,
- Procurará a curiosidade e a necesidade de adquirir coñecementos, destrezas, actitudes e valores co fin de formarse como cidadán,
- Facilitará a aplicación de coñecementos a situación reais, co fin de fixar conceptos, procedementos e valores,
- Facilitará a reflexión, a crítica e o debate,
- Potenciará o uso das TIC facilitando o acceso a recursos virtuais,
- Facilitará a coordinación con outros docentes.

Por todo o exposto anteriormente, a **metodoloxía proposta**, é de ensinanza activa, na que a participación do alumno é o elemento esencial. Para tratar de alcanzar este obxectivo, prestarase atención especial á consecución da súa motivación.

O enfoque metodolóxico empregado estará fundamentado na experiencia e investigación, recoñecendo no libro de texto unha función auxiliar e non finalista:

- observación e análise da realidade cando a secuencia de exercicios propostos sexa eminentemente repetitiva e rutinaria,
- ampliación de aspectos curriculares escasamente tratados (fundamentalmente críticos),
- deseño de unidades didácticas para ampliar ou substituír temas que o profesor considere incompletos,...

converténdose nunha proposta flexible e adaptada á realidade da aula

Ao remate de cada unidade o profesor traballará: actividades prácticas para mellorar a comprensión dos contidos explicados na clase, novas publicadas nos xornais, internet, ... relacionadas coa unidade.

O desenvolvemento das clases farase como segue:

- Ao comezo de cada unidade didáctica incluirase un gráfico ou esquema da mesma. O comentario do mesmo pretende anticipar o contido dalgúns dos aspectos que se exporán.

- Os conceptos presentaranse de forma progresiva acudindo, con profusión, a esquemas, gráficos e datos da vida cotiá (fundamentalmente da economía galega e española) para axudar a fixar os conceptos e termos introducidos.

- Realizaranse numerosos exercicios e actividades prácticas, lecturas, co fin de reforzar a aprendizaxe, por exemplo cálculo de produtividade, custos dunha empresa...; sen converter estas ensinanzas nun sucedáneo matemático dedicado á realización de cálculos sen ningún fundamento conceptual

- Realización de debates nos que se valorará a autonomía e iniciativa na toma de decisións, a disposición favorable á participación, a actitude crítica, o traballo previo de documentación, a expresión, ...

- Traballos

- Debates sobre os diferentes contidos
- Análise crítica da publicidade.
- Tentarase contactar coa ADL do Concello co obxecto de organizar xornadas sobre: deseño do perfil profesional, emprendemento, ...
- Elaboración de estatísticas sobre as formas xurídicas máis habituais nos concellos de procedencia do alumnado, a partires dos datos da matrícula do IAE; dos contratos laborais máis habituais,...
- Recompilación de organigramas de empresas para posterior análise,
- Análise de estados financeiros a partir das Contas Anuais de distintas empresas, obtidas no Rexistro Mercantil,...
- Actividades relacionadas cos medios audiovisuais.

A aula virtual xoga un papel fundamental:
- Repositorio de contidos.
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos
- Probas a través da Aula Virtual
- Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).

## f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

✓ **BIBLIOGRAFÍA**:

- Economía de la empresa 2º Bacharelato. Ed. McGraw-Hill (Smartbook)
- Revista mensual de actualización empresarial CEF Gestión.
- Economía de la empresa. Galinova Editorial, SL.
- "Economía e Organización de Empresas". Baía Edicións.
- "Introdución a la Economía de la Empresa" Eduardo Pérez Gorostegui. Editorial Centro de Estudios Ramón Areces, S.A., 2002
- Plan General de Contabilidad y de PYMES 2008. 2ª Edición corregida. Pirámide
- Normativa mercantil, fiscal e laboral debidamente actualizada.
- Convenios colectivos.
- Estatutos de sociedades.
- Organigramas de empresas.

❖ Lecturas especializadas (seleccionadas ao longo do curso), a disposición do alumnado na Biblioteca do centro:

- "El libro de los emprendedores". Deusto. Edición 2015. Revisada y actualizada.
- "Economía para Dummies". Grupo Planeta. 2014.
- "El libro de la Economía". Akal. 2013
- "El hombre que cambió su casa por un tulipán". Fernando Trías de Bes. Temas de hoy 2010
- "50 Cosas que hay que saber sobre economía". Edmund Conway. Ariel. 2010
- "El vendedor de tiempo". Fernando Trías de Bes. Empresa Activa. 2005
- "El mercado y la globalización". José Luís Sampredro. Ediciones Destino, 2002

✓ **RECURSOS NA WEB**:

http://www.agenciatributaria.es/
http://www.seg-social.es
https://www.sepe.es/
http://www.finanzasparatodos.es/
http://www.expansion.com/
http://cincodias.com/
http://www.actualidadeconomica.com/
http://www.emprendedores.es/
http://cgrl.xunta.es/
http://www.ipyme.org/es-ES/Paginas/Home.aspx
http://www.educaixa.com
http://www.igape.es/es/
https://emprego.xunta.gal
http://www.ige.eu
http://www.ine.es/
http://www.econosublime.com/

✓ **MEDIOS AUDIOVISUAIS**

✓ **MATERIAIS ELABORADOS POLO PROFESOR**

## g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Tal e como establece o Decreto 86/2015, "*A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.*"

**Os instrumentos de avaliación referiranse á totalidade dos contidos expostos ata a data de realización de cada unha das probas propostas**.

### I. *NOTA DE CADA AVALIACIÓN PARCIAL*

***A nota de cada avaliación será numérica de cero a dez sen decimais e calcularase en función de:***

A. **Probas escritas que versarán sobre os contidos teóricos recollidos na programación e expostos nas sesións e/ou aula virtual. (PET)**

Teranse en conta as orientacións do Grupo de Traballo "Economía da Empresa": aspectos que deben ser tratados, tipos de problemas prácticos aos que prestar especial atención, bibliografía. As modificacións comunicadas polo Grupo de Traballo que se produzan ao longo do curso serán incorporadas a esta programación.
Está previsto realizar mínimo dúas probas escritas en cada avaliación.

***Estrutura das probas:***

***Probas ensaio:***
10 cuestións (1 punto cada cuestión).

Criterios de cualificación:
Valorarase a precisión. Cando sexa necesario razoar a resposta e non se faga, a valoración será nula, Cando sexa preciso ilustrar cun exemplo, este valorarase con 0,25 puntos.

B. **Probas escritas que versarán sobre os contidos prácticos recollidos na programación e expostos nas sesións e/ou aula virtual (PEP).**

***Estrutura das probas:***
***Probas ensaio:***
Constarán de dous casos prácticos ou problemas cun valor de 5 puntos cada un. Os casos prácticos disporán de distintos apartados que non teñen porque ter a mesma valoración (esta figurará na proba).
Está previsto realizar mínimo dúas probas escritas en cada avaliación.

*Criterios de cualificación:*

Na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico, senón tamén a corrección da formulación; deste xeito, será preciso ilustrar axeitadamente e con rigor o desenvolvemento do problema, explicando, en todo caso, o significado do resultado acadado.
No caso de non indicar as unidades nas que se debe expresar o resultado, restaranse 0,25 puntos no apartado que corresponda.
O simple cálculo, sen interpretación, non computará
Cada un dos elementos que se sitúe incorrectamente no activo ou no pasivo penalízase con -0,5 puntos. Cada elemento colocado erroneamente no activo (pasivo) corrente ou pasivo (activo) non corrente penalízase con -0,25 puntos.
Cálculo do valor do capital social e/ou fondos propios: 0,25 puntos. Cada elemento que non se coloque penalízase con -0,5 puntos.
Por cada ingreso ou gasto incorrectamente clasificado como de explotación e/ou financeiro penalízase con -0,5 puntos. Cada ingreso ou gasto colocado erroneamente no resultado de explotación penalízase con -0,25 puntos. Cada ingreso ou gasto colocado erroneamente no resultado financeiro penalízase con - 0,25 puntos. Cada ingreso ou gasto non colocado penalízase con - 0,5 puntos.
Na representación gráfica requírese identificar ás funcións, os valores relevantes. Por cada un destes aspectos que non se identifique correctamente descontaranse 0,25 puntos.
Cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben plantexado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

C. **Observación e análise da produción do alumnado (OB).**

Realización de cuestións, actividades, probas tipo test, exercicios propostos nas sesións e/ou Aula Virtual.

Probas tipo test: Estrutura e criterios de cualificación:

Constarán de 20 preguntas teóricas e/ou prácticas, con 3 opcións de resposta, sendo soamente 1 correcta.
Cada pregunta correcta valorarase con 0,5 puntos e cada pregunta incorrecta penaliza 0,25 puntos. As preguntas non contestadas non puntúan.

Valoraranse de cero a dez puntos.

*Criterios de cualificación:*
Os xa referidos

**<u>A cualificación de cada avaliación parcial será calculada como se indica:</u>**

*Precisión sobe o cálculo da cualificación media ponderada: calcularase multiplicando a cualificación numérica de cada proba (sen redondear) polo lugar que ocupa.*

| | |
|---|---|
| **45%** | ***Media ponderada das cualificacións numéricas (sen redondear) das Probas Escritas Contidos Teóricos realizadas dende o inicio do curso ata a avaliación*** $$\frac{PET_1 + 2PET_2 + 3PET_3 + 4PET_4 +}{+4+3+2+1}$$ |
| **45%** | ***Media ponderada das cualificacións numéricas (sen redondear) das Probas Escritas Contidos Prácticos realizadas dende o inicio do curso ata a avaliación*** $$\frac{PEP_1 + 2PEP_2 + 3PEP_3 + 4PEP_4 +}{+4+3+2+1}$$ |
| **10%** | ***Media aritmética das cualificacións numéricas (sen redondear) das cuestións, actividades, probas tipo test e exercicios propostos como Observación e Análise da Produción do alumnado na avaliación parcial correspondente*** |

***<u>Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta o redondeo será:</u>***

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

**<u>Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.</u>**

**<u>Non se levarán a cabo probas de recuperación por avaliación, agás a proba final ordinaria.</u>**

## II. *AVALIACIÓN ORDINARIA.*

- **<u>O alumnado que non superou a 3ª avaliación, realizará, obrigatoriamente, unha proba final na convocatoria ordinaria coa estrutura da proba ABAU.</u>**

  **A cualificación final ordinaria será o resultado de:**
  - ***90% X (Cualificación numérica (sen redondear) Proba final tipo ABAU)***
  - ***10% X (Media aritmética das cualificacións numéricas (sen redondear) das cuestións, actividades, probas tipo test e exercicios***

***propostos como Observación e Análise da Produción do alumnado na 3ª avaliación parcial)***
aplicado o redondeo:

**Entenderase superada a materia cando a cualificación final, aplicado o redondeo, sexa igual ou superior a 5**

- **O alumnado que superou a 3ª avaliación, realizará, voluntariamente, unha proba final coa estrutura da proba ABAU.**

**A cualificación final ordinaria será a maior das seguintes**
- ***Cualificación da 3ª avaliación,*** *aplicado o redondeo.*
- ***90% X (Cualificación numérica (sen redondear) da Proba final tipo ABAU) + 10% X (Media aritmética das cualificacións numéricas (sen redondear) das cuestións, actividades, probas tipo test e exercicios propostos como Observación e Análise da Produción do alumnado na 3ª avaliación parcial),*** aplicado o redondeo

## *III. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA*

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, terá unha nova oportunidade na convocatoria extraordinaria (examinándose da totalidade da materia, conforme aos criterios xa indicados).

A proba proposta terá a estrutura da proba ABAU

**A cualificación da convocatoria extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba exposta** *(aplicarase ao resultado final o redondeo explicado e recollido na programación).*

**O alumnado supera a materia cando acada una nota igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios expostos.**

## *IV. CONSIDERACIÓNS ANTE PRÁCTICAS FRAUDULENTAS*

No caso de que o profesorado detecte que o alumnado emprega prácticas fraudulentas (copiar, coñecer previamente o contido ...) nas probas e/ou actividades propostas, será avaliado na citada proba e/ou actividade proposta coa cualificación mínima que permite a lexislación.

## h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Tal e como establece a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, ***os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro,*** tales como rúbricas ou escalas de avaliación.

A rúbrica é unha ferramenta que permite dotar de obxectividade a avaliación dun proceso. Proporciona referencias para valorar todos os aspectos do proceso educativo, ofrece información para a toma de decisións e amosa a relación entre os elementos do currículo: relaciona os elementos da programación de aula cos niveis de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

As rúbricas son matrices nas que se detallan, para cada estándar de aprendizaxe o indicador de logro, grao de adquisición do citado logro (escala cualitativa de catro niveis, dende o logro en vías de adquisición ata excelente) e a valoración que permite cuantificar o avance do alumnado e calcular a súa cualificación.

Tal e como establece o Decreto 86/2015, nos artigos 21 (ESO) e 33 (Bacharelato):

*“**O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente**, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.”*

Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

| INDICADORES | | | VALORACIÓN (0-5) | OBSERVACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|---|
| Proceso de ensino | | Realiza a avaliación individual co fin de determinar o punto de partida do grupo e avaliar o estado de consecución das competencias clave . | | |
| | | Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación. | | |
| | | Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía: probas escritas, abertas e tipo test, traballos en equipo, debates, análise do contorno económico, … | | |
| | | Utiliza as TIC no desenvolvemento das clases. | | |
| | | Promove o traballo cooperativo. | | |
| | | Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado. | | |
| | | Procura a transparencia do proceso de avaliación coa entrega, unha vez corrixidos, dos diferentes instrumentos de avaliación empregados, incidindo nos aspectos que son mellorables por parte do alumnado. | | |
| | | Propón a resolución de actividades, exercicios, debates, traballos de investigación.. na clase facendo un seguimento continuo. | | |
| | | Mantén informado en todo o momento ao alumnado e as familias dos resultados acadados. | | |
| Práctica docente | Planificación | Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe recollidos no Decreto 86/2015. | | |
| | | Establece bloques de contidos estruturados en unidades didácticas deseñadas tendo en conta as competencias clave que debe adquirir o alumnado | | |
| | | Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo. | | |
| | | Planifica a actividade educativa coordinada con outras áreas ou materias, como poden ser as Matemáticas Aplicadas, Historia, Métodos Estatísticos, … | | |
| | | Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias. | | |
| Práctica docente | Motivación. | Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr. | | |
| | | Analiza os resultados da avaliación co grupo de alumnos/as. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora. | | |
| | | Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados. | | |
| | | Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade. | | |
| | | Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquedanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas. | | |
| | | Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate, a análise crítica dos temas propostos. | | |
| | | Fomenta un ambiente cordial na aula. | | |
| | | Fomenta a comunicación fluída alumnado profesor dentro e fóra da aula. | | |
| | | Apoia o proceso de ensino-aprendizaxe en todo momento. | | |
| | Proceso de avaliación. | Os criterios de avaliación e cualificación están claramente establecidos. | | |
| | | Emprega instrumentos variados de recollida de información para a avaliación (probas escritas, probas orais, exercicios prácticos, observación, rúbricas, …) | | |
| | | Emprega diferentes estratexias e procedementos de avaliación atendendo ás características do alumnado. | | |
| | | Desenvolve con total transparencia o proceso avaliativo: información precisa, exposición de resultados, propostas de mellora, … | | |
| | | Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino. | | |

### i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede

### j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Non procede.

### k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

O Departamento realiza proba de avaliación inicial co fin de:

- coñecer o interese do alumnado pola materia,
- observar o nivel das competencias acadadas ao longo do proceso de ensino,
- valorar o grao de coñecemento do alumnado do contorno social e económico,

Cabe destacar que a maioría do alumnado que cursa a materia tamén cursou en 1º bacharelato a materia de Economía polo que traballou:

- Concepto de empresa, elementos que a conforman, formas xurídicas,
- Área recursos humanos, contratos, determinación de custos salariais,
- Manexo das ferramentas folla de cálculo, presentacións, procesador de textos, …
- Cálculo e interpretación da produtividade,
- Determinación dos custos de empresa, clasificación en fixos e variables, determinación do limiar de rendibilidade, …
- Importancia da innovación na empresa, patentes, marcas, modelos de utilidade, …
- Importancia do Sistema Fiscal como elemento vertebrador da sociedade,
- Coñecemento dos instrumentos de financiación: préstamos, créditos, leasing, factoring, confirming, mercado de valores, ...

O obxectivo da avaliación inicial é axustar a proposta educativa ás características do alumnado.

## l) Medidas de atención á diversidade

O Decreto 86/2015, contempla no artigo 33:

*"Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións no se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas."*

Tal e como se reflicte ao longo desta programación a planificación do proceso de ensino faise de xeito construtivo e progresivo, adaptándose ás características e capacidades do alumnado:

- Atención personalizada.
- Deseño de actividades á carta.
- Potenciar o traballo en equipo que facilite as sinerxias.
- Subministración de material de ampliación e/ou reforzo.
- Aplicación dos protocolos correspondentes.
- Ampliación do tempo para a aplicación dos diferentes instrumentos e procedementos de avaliación,…

Desenvolveranse medidas de atención á diversidade no marco da *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*.

## m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

O artigo 4 do Decreto 86/2015, establece como elementos transversais:

- A comprensión lectora.
- A expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual.
- As tecnoloxías da información e da comunicación.
- Afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- A educación cívica e constitucional.
- Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade.
- Valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- Promover a aprendizaxe e resolución pacífica de conflitos.
- Promover valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Promover accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

O departamento traballará como elementos transversais propios:

- Educar para o consumo responsable: análise dos efectos do consumo "irracional" no resto do planeta.
- No marco dunha educación moral e cívica:
  - recoñecemento da función social que desempeñan as empresas, valorando a importancia do seu comportamento ético,
  - preocupación polos aspectos inxustos da realidade económica,
  - valoración crítica do fraude,
  - valoración dos efectos da globalización nos países pobres, co obxecto de facer medrar una conciencia solidaria cos prexudicados e valorar as experiencias de comercio xusto,
- Concienciación e actitude crítica ante o fraude fiscal, á vez que se transmiten valores de equidade e solidariedade implícitos no Estado do benestar.
- Rexeitamento da manipulación das contas empresariais co fin de enganar ós destinatarios
- Educación ambiental, como preocupación polo entorno natural no que se leva a cabo a actividade económica, no marco da procura dun desenvolvemento sostible
- Preocupación ética pola defensa dos dereitos dos traballadores:
  - condicións de traballo seguras e saudables no marco dunha educación para a saúde,
  - erradicación da discriminación das mulleres traballadoras no marco dunha educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.
  - a xestión dos recursos humanos non debe buscar exclusivamente a rendibilidade económica da empresa, senón tamén o enriquecemento dos postos de traballo para que o empregado se vexa motivado e atope sentido o seu labor

## n) **Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico**

- **EMPRESA FAMILIAR NA AULA**

Programa de emprendemento

Esta iniciativa de carácter nacional, que en Galicia organizan conxuntamente Afundación e a Asociación Galega da Empresa Familiar, ten como finalidade dar a coñecer o papel e a relevancia das empresas familiares na economía e na sociedade, e fomentar o emprendemento entre a xuventude a través do contacto directo co mundo empresarial.

O programa concrétase na impartición de conferencias de destacadas personalidades do eido empresarial galego de carácter familiar en colexios e institutos, ao que se suma a realización de visitas das alumnas e alumnos ás empresas participantes.

- **VISITA A EMPRESA**

Por determinar.

### ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Os indicadores a avaliar serán:

- Comprobación do grao de adquisición das competencias.
- Pertinencia das actividades propostas e secuencia de realización.
- Valoración das estratexias diversificadas que respondan aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Adecuación dos recursos empregados.
- Adecuación dos instrumentos de avaliación.
- Clima na aula.

Instrumentos para realizar a avaliación:

- Diario do profesor. Análise de resultados académicos.
- Contraste con outros departamentos dentro do mesmo centro e con outros compañeiros do mesmo departamento doutros centros.
- Reflexión mensual sobre o seguimento da programación e propostas de mellora no caso de ser preciso.
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Os resultados deste proceso de avaliación serán reflectidos na memoria de final de curso na que se fai constar:

- Modificacións introducidas durante o curso na programación.
- Motivo/s das modificacións.
- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación con cursos anteriores.
- Propostas para a revisión da programación.
- Actividades complementarias desenvolvidas
- Análise estatística resultados avaliación ordinaria e extraordinaria e análise comparativa cursos anteriores.

# EDUCACIÓN FINANCEIRA (2º ESO)

## a) Introdución e contextualización

A crise financeira vivida nos últimos anos puxo de manifesto a necesidade de mellorar a cultura financeira da poboación. A Comisión Europea reclama a posta en marcha de iniciativas educativas que contribúan á formación de cidadás e cidadáns que se enfrontan á toma de decisións nun contorno cada vez máis complexo. Unha mellora na formación financeira permitiralles ás persoas alcanzaren o obxectivo de seguridade financeira, limitaren o risco de perdas patrimoniais, e previr o endebedamento excesivo e a exclusión financeira.

Esta materia de Educación Financeira, programada para 2º da ESO, inclúe contidos económico básicos que permiten á cidadanía familiarizarse, desde idades temperás, coa organización e o funcionamento do sistema financeiro, en particular cos produtos e os servizos financeiros de uso máis habitual, para posteriormente axudar na planificación da vida financeira persoal e na elección daquelas alternativas que mellor se adapten ás súas necesidades, mantendo a seguridade financeira como eixo central desa planificación.

O currículo desta materia está organizado en tres bloques.

- Bloque I: Administración da renda e dos recursos persoais.
- Bloque II: Planificación financeira persoal e familiar.
- Bloque III: Xestión dos medios líquidos dispoñibles.

A materia aborda os contidos desde un nivel moi básico, analizando os compoñentes e as características principais dos produtos e dos servizos financeiros, procurando a familiarización cos mercados e coas entidades operantes, que permita ás persoas, tras comparar distintas ofertas, elixir a máis adecuada ás súas necesidades e á súa situación económico-financeira. O enfoque, sendo eminentemente descritivo, non esquece iniciar o alumnado na realización de sinxelos cálculos, empregando ferramentas de axuda que permitan a valoración precisa das alternativas consideradas, unha maior comprensión do funcionamento dos produtos e dos servizos, e o adecuado coñecemento das implicacións que as decisións que se tomen teñen na situación financeira persoal. Recoméndase un tratamento lúdico dos contidos, procurando o emprego de xogos, a participación en concursos e o fomento da produción de coñecemento empregando recursos das tecnoloxías da información e da comunicación.

## b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece como competencias clave do currículo:

a. Comunicación lingüística (CCL)

b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)
c. Competencia dixital. (CD)
d. Aprender a aprender. (CAA)
e. Competencias sociais e cívicas. (CSC)
f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
g. Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

A descrición das competencias está recollida no Anexo I da citada Orde.

| | |
|---|---|
| **Comunicación lingüística (CCL)** | ▪ Adquisición de terminoloxía específica, que facilita a interpretación e redacción de informes e documentos que permiten interpretar a realidade.<br>▪ Comunicación dos resultados derivados das investigacións.<br>▪ Lecturas e posteriores debates.<br>▪ Desenvolvemento das probas escritas. |
| **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)** | ▪ Desenvolvemento de estratexias para a solución de exercicios prácticos.<br>▪ Tabulación de datos, representación gráfica e interpretación.<br>▪ Primeira aproximación ás matemáticas financeiras, á elaboración de orzamentos e a estimación da capacidade de endebedamento. |
| **Competencia dixital. (CD)** | ▪ Emprego da web como fonte de información.<br>▪ Emprego da folla de cálculo como instrumento para a resolución de problemas.<br>▪ Emprego de software que facilite a presentación de impacto de datos derivados da investigación. |
| **Aprender a aprender. (CAA)** | ▪ Procurar a aprendizaxe autónoma. |
| **Competencias sociais e cívicas. (CSC)** | ▪ Favorecer o traballo en equipo.<br>▪ Defender posturas nos debates propostos respectando as opinións do resto dos participantes.<br>▪ Mellora da formación como cidadán: racionalidade no gasto, planificación do aforro, selección de investimentos por criterio de rendibilidade, identificación de condicións abusivas, … |
| **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)** | ▪ Fomento da iniciativa persoal, capacita para o cálculo de riscos e, polo tanto, para a toma de decisións. |
| **Conciencia e expresións culturais. (CCEC)** | ▪ Coñecer, comprender e valorar, as diferentes manifestación culturais e artísticas. |

A concreción curricular do Proxecto Educativo de Centro reflicte a contribución da materia ás competencias clave (traballo realizado nos órganos colexiados de goberno e de coordinación docente durante o curso 2017/18)

## c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos

sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.

Temporalización:

O centro está inscrito no *“Programa de Educación Financiera” do Banco de España* adaptando os bloques de contido aos materiais proporcionados polo programa, facilitando o traballo simultáneo.

*Unidade 1: O meu diñeiro, a miña vida o meu futuro.*
*Unidade 2: Aforro.*
*Unidade 3: Controla a túa vida, o teu diñeiro.*
*Unidade 4: Crédito, usar sen abusar.*
*Unidade 5: Es un consumidor intelixente?*
*Unidade 6: O meu banco e eu.*
*Unidade 7: Como o vas pagar?*
*Unidade 8: As tarxetas.*
*Unidade 9: Fai medrar o teu diñeiro.*
*Unidade 10: Protexe o teu diñeiro.*

| | Educación Financeira 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación | Competencias clave |
| | Bloque 1. Educación e finanzas persoais | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.1. Educación financeira.<br>▪ B1.2. Obxectivos financeiros persoais. Seguridade financeira. | ▪ B1.1. Administrar os recursos financeiros persoais de xeito responsable, para garantir a seguridade financeira ao longo da vida. | ▪ EFNB1.1.1. Recoñece as fontes de renda persoal e describe os tipos de recursos financeiros. | ▪ 1ª avaliación. | ▪ Comprende o concepto de recursos financeiros e identifica os tipos. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.1.2. Procura alcanzar a seguridade financeira na concreción dos seus obxectivos financeiros persoais. | ▪ 1ª avaliación | ▪ Valora a seguridade financeira como obxectivo prioritario na administración das súas finanzas | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.1.3. Identifica os tipos de investimentos ao longo da vida das persoas. | ▪ 1ª avaliación. | ▪ E quen de identificar os investimentos máis habituais | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.3. Sistema financeiro, indicadores económicos e tipos de xuro. | ▪ B1.2. Identificar os mercados financeiros, os axentes intervenientes e os indicadores financeiros básicos vinculados coa evolución das condicións económicas que inflúen nas decisións financeiras da cidadanía. | ▪ EFNB1.2.1. Relaciona a situación económico-financeira persoal cos principais indicadores económicos. | ▪ 1ª avaliación. | ▪ Identifica a importancia da macroeconomía na microeconomía. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ EFNB1.2.2. Explica o papel dos intermediarios financeiros na sociedade, e caracteriza e identifica os principais mercados financeiros. | ▪ 1ª avaliación. | ▪ identifica elementos e funcións dos mercados financeiros. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |

| | Educación Financeira 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.4. Renda persoal: consumo e aforro.<br>▪ B1.5. Consumo: modalidades de consumo.<br>▪ B1.6. Aforro e investimento.<br>▪ B1.7. Rendibilidade e risco no investimento. | ▪ B1.3. Xestionar a renda persoal, recoñecendo as súas orixes, os destinos alternativos e as necesidades que se deben cubrir en cada etapa da vida. | ▪ EFNB1.3.1. Identifica as etapas que conducen á toma de decisión de consumo intelixente. | ▪ 1ª avaliación. | ▪ É quen de secuenciar a toma de decisións de consumo racional. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.3.2. Interpreta o significado de rendemento e risco en diversos contextos financeiros, e recoñece os beneficios da diversificación. | ▪ 1ª avaliación. | ▪ É quen de relacionar os conceptos de risco e rendibilidade. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.3.3. Recoñece a dimensión temporal do consumo, e distíngueo do aforro e do investimento. | ▪ 1ª avaliación | ▪ Diferenza os conceptos de consumo, aforro e investimento. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.3.4. Representa graficamente as operacións de investimento e interpreta o significado de rendemento e do risco en diversos contextos financeiros, e recoñece os beneficios da diversificación. | ▪ 1ª avaliación. | ▪ Identifica os elementos a considerar na selección de investimentos. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ EFNB1.3.5. Identifica os motivos que conducen á decisión de aforrar. | ▪ 1ª avaliación. | ▪ Valora a necesidade de aforrar. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.8. Operacións de investimento: elementos, dimensión temporal e tipos de xuro.<br>▪ B1.9. Depósitos e imposicións a prazo. | ▪ B1.4. Identificar os produtos de aforro, considerar as súas características e a súa tipoloxía, calcular o rendemento ofrecido e valorar a oportunidade de contratación. | ▪ EFNB1.4.1. Recoñece as características dos tipos de depósitos e imposicións a prazo ofrecidas polas entidades bancarias. | ▪ 2ª avaliación. | ▪ Define e clasifica os depósitos bancarios. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.4.2. Compara ofertas concretas de depósitos e imposicións a prazo mediante a consideración dos tipos efectivos de xuro aplicados. | ▪ 2ª avaliación. | ▪ É quen de identificar entre diferentes produtos de depósito a alternativas máis rendible. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |

| | Educación Financeira 2º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación | Competencias clave |
| | ▪ B1.10. Contas á vista remuneradas. | | ▪ EFNB1.4.3. Considera as características das contas á vista remuneradas existentes no mercado bancario, e diferénciaas das imposicións e dos depósitos a prazo. | ▪ 2ª avaliación. | ▪ É quen de distinguir contas á vista e imposicións a prazo. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB1.4.4. Avalía a oportunidade de contratación de imposicións e depósitos a prazo e de contas á vista remuneradas en función das condicións do mercado, e considera as súas vantaxes e os seus inconvenientes. | ▪ 2ª avaliación. | ▪ Identifica o produto bancario de aforro máis apropiado a cada economía familiar. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas<br>. | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Planificación financeira persoal e familiar | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.1. Planificación financeira ao longo da vida.<br>▪ B2.2. Orzamento persoal e familiar. | ▪ B2.1. Planificar a vida financeira, clasificar os elementos integrantes dun orzamento persoal ou familiar, e identificar medidas de control que permitan non desviarse dos niveis orzados. | ▪ EFNB2.1.1. Valora o impacto da planificación e a importancia do aforro na vida de cadaquén. | ▪ 1ª avaliación. | ▪ Valora a importancia de planificar as finanzas das economías domésticas. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EFNB2.1.2. Identifica e clasifica ingresos e gastos para elaborar un orzamento persoal e familiar. | ▪ 1ª avaliación. | ▪ É quen de elaborar un orzamento familiar. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. | ▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. | ▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Distingue as principais fontes de financiamento empresarial e os seus custos asociados. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f | ▪ B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.<br>▪ B2.9. Resultados da empresa. | ▪ B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. | ▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ É quen de resolver supostos simples de cálculo do resultado empresarial. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas. | ▪ B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. | ▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Distingue cales son os principais impostos que gravan a actividade empresarial no noso país. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Valora o efecto positivo para a sociedade, da carga fiscal. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos de avaliación | Competencias clave |
| | Bloque 3. Economía persoal | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.<br>▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. | ▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. | ▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ É quen de ordenar ingresos e gastos persoais de cara á elaboración dun orzamento persoal. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Realiza un orzamento en folla de cálculo. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Analiza gráficos comparando a realidade co previsto. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ m | ▪ B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida. | ▪ B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. | ▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Planifica necesidades financeiras ao longo da vida. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |

| | Economía. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos de avaliación | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ f | ▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.<br>▪ B3.5. Risco e diversificación. | ▪ B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. | ▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Valora a importancia do aforro e do control dos gastos. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Coñece os distintos tipos de endebedamento e o seu risco asociado. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.6. O diñeiro.<br>▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.<br>▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.<br>▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. | ▪ B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. | ▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Coñece os distintos tipos de contas bancarias e a súa operativa. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Valora a importancia de comprender as cláusulas bancarias, e de operar con medios telemáticos en condicións de seguridade. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |

| | Economía. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos de avaliación | Competencias clave |
| | | | ▪ ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Coñece as posibilidades de negociación e de reclamación, ante as entidades financeiras. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Diferencia distintos tipos de tarxetas bancarias e reflexiona acerca da importancia de utilizalas con seguridade. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. | ▪ B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. | ▪ ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Identifica o seguro máis axeitado para cada continxencia que se desexe cubrir. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | | | | | | |

| | Economía. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos de avaliación | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ ñ | ▪ B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. | ▪ B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. | ▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Identifica as principais fontes de ingresos e de gastos do Estado. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Interpreta gráficos de ingresos e gastos do Estado. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Relaciona o comportamento dos ingresos e gastos públicos cos distintos ciclos económicos. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Valora a necesidade de prever os ingresos, gastos e o control da súa execución. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ e | ▪ B4.2. A débeda pública e o déficit público. | ▪ B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. | ▪ ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Diferencia os conceptos de débeda | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CMCCT |

| | Economía. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos de avaliación | Competencias clave |
| ▪ f | | | que se produce entre eles. | | pública e déficit. | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. | ▪ B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. | ▪ ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Identfica as desigualdades no reparto da renda como un problema a resolver a través da función redistributiva do Estado. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Comprende gráficos da distribución da renda. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.1. Tipos de xuro.<br>▪ B5.2. Inflación.<br>▪ B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. | ▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. | ▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Identifica as consecuencias negativas dunha inflación descontrolada | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos de avaliación | Competencias clave |
| | ▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. | | ▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Interpreta o que son os tipos de xuro e as consecuencias que ten a súa variación na economía. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ É quen de comprender gráficos relacionados coa evolución dos tipos de xuro, a inflación ou o desemprego. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f | ▪ B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.<br>▪ B5.6. Perspectivas da ocupación. | ▪ B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. | ▪ ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Coñece as causas do desemprego e as súas repercusións. | ▪ Proba escrita<br>Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ É quen de analizar os principais datos da EPA e do SEPE sobre a evolución do | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CD<br>▪ CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos de avaliación | Competencias clave |
| | | | | | desemprego. | | |
| | | | ▪ ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Coñece vieiros e tendencias de emprego. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CD |
| | Bloque 6. Economía internacional | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B6.1. Globalización económica.<br>▪ B6.2. Comercio internacional.<br>▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea.<br>▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. | ▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. | ▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Entende o fenómeno da globalización e é quen de analizalo críticamente. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Reflexiona acerca da importancia do comercio internacional. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Identifica acontecementos económicos actuais nun contexto de globalización e de comercio internacional. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSC |

| | Economía. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos de avaliación | Competencias clave |
| | | | ▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Comprende o proceso de integración económica da UE e algunhas das súas consecuencias | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | | | ▪ ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Recoñece a importancia dun desenvolvemento sustentable. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CSC |

*Distribución das **Unidades Didácticas** atendendo a bloques de contido:*

## *I.* ***Ideas económicas básicas***

Unidade 1: Economía, a ciencia útil.
Unidade 2: Produción e crecemento.

## *II.* ***Economía e empresa***

Unidade 3: Mercados e empresa
Unidade 4: A empresa no seu contexto.

## *III.* ***Economía persoal***

Unidade 5: Planificación financeira.
Unidade 6: Salud financeira
Unidade 7: O diñeiro e as súas formas

## *IV.* ***Economía e ingresos e gastos do Estado***

Unidade 8: As contas do Estado.

## *V.* ***Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego***

Unidade 9: Produción e prezos.
Unidade 10: O mercado de traballo

## *VI.* ***Economía internacional***

Unidade 11: Comercio internacional e Unión Europea .

## e) **Concrecións metodolóxicas que require a materia**

Todo proceso de ensino-aprendizaxe ten que dispor dos seguintes elementos:

- Planificación tendo en conta os obxectivos a alcanzar,
- Recursos precisos,
- Métodos didácticos máis axeitados,
- Métodos de avaliación,
- Mecanismos de control do proceso.

Seguindo as *Orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula*, reflectidas no Anexo II da Orde ECD/65/2015, a metodoloxía empregada ao longo do curso:

- Deseñarase en función dos condicionantes en que ten lugar o ensino: natureza da materia, condicións socioculturais, dispoñibilidade de recursos, características do alumnado,…
- Terá en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
- Axustarase ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo de aprendizaxes máis simples para avanzar cara outras máis complexas,
- Traballará a motivación do alumnado cara á aprendizaxe, facilitando a interacción nas clases.
- Procurará a curiosidade e a necesidade de adquirir coñecementos, destrezas, actitudes e valores co fin de formarse como cidadán,
- Facilitará a aplicación de coñecementos a situación reais, co fin de fixar conceptos, procedementos e valores.
- Facilitará a reflexión, a crítica e o debate.
- Potenciará o uso das TIC facilitando o acceso a recursos virtuais.
- Facilitará a coordinación con outros docentes.

Por todo o exposto anteriormente, a **metodoloxía proposta**, é de ensinanza activa, na que a participación do alumno será un elemento esencial. Para tratar de alcanzar este obxectivo, prestarase atención especial á consecución da súa motivación.

O enfoque metodolóxico estará fundamentado na experiencia e investigación empregando as ferramentas TIC dispoñibles. **A materia impártese en dixital, dado que o Departamento está integrado no Proxecto E-Dixgal.**

O desenvolvemento das clases farase como segue:

- Os conceptos presentaranse de forma progresiva acudindo, con profusión, a datos da vida cotiá.

- Realizaranse numerosas actividades prácticas e lecturas, co fin de reforzar a aprendizaxe.

- Realización de debates e traballos de investigación nos que se valorará a autonomía e iniciativa na toma de decisións, a disposición favorable á participación, a actitude crítica, o traballo previo de documentación, a expresión, ...
- Actividades relacionadas cos medios audiovisuais.

A finalidade desta aprendizaxe é que o alumno logre autonomía na construción do seu propio coñecemento. O estudante debe entón “aprender a aprender” e o docente ten que conseguir transmitirlle as habilidades precisas para esta aprendizaxe.

## f) **Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar**

Empregaranse varios programas informáticos, principalmente a folla de calculo, o procesador de textos e programas de presentacións. No traballo diario empregarase E-Dixgal.

Tamén se obterá información da CNMV, BE, Seguridade Social, INE, blogs, xornais, páxinas web de bancos,...

En E-Dixgal, o alumnado terá a súa disposición todo o material necesario para preparar a materia.

## g) **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

Tal e como establece o Decreto 86/2015,

*“Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.*
*A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de ESO será continua, formativa e integradora.*
*No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo”.*

***NOTA DE CADA AVALIACIÓN PARCIAL***

***Os resultados de cada avaliación expresaranse mediante unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez. Calcularase en función de***

***A.*** ***Probas escritas***. Permitirán avalia-la aprendizaxe do alumnado de acordo cos obxectivos propios da materia.

***B. <u>Traballos, actividades e exercicios.</u>***

Realización dos traballos, actividades, probas e exercicios propostos nas sesións e/ou en E-Dixgal.

**<u>A cualificación de cada avaliación parcial obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos:</u>**

| | Ponderación |
|---|---|
| ▪ Probas escritas. | **80%** |
| ▪ Traballos, actividades e exercicios realizados ao longo da avaliación. | **20%** |

***No caso de realizarse varias probas, o resultado calcularase como media aritmética das probas realizadas en cada avaliación.***

***<u>Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta:</u>***

- Redondearase ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Redondearase ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

**<u>Entenderase superada a avaliación cando o alumno obteña unha nota igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.</u>**

**<u>No caso de non acadar unha avaliación positiva na avaliación, realizarase mínimo unha proba de recuperación, na que o alumnado volverá a examinarse das probas non superadas.</u>**

*C. AVALIACIÓN FINAL.*

**Entenderase superada a materia, cando se teñan superadas as tres avaliacións parciais.**
**A nota da avaliación final, obterase calculando a media aritmética das notas acadadas en cada avaliación parcial (sen aplicarlles o redondeo).**

***<u>Dado que a nota da avaliación final é numérica exacta:</u>***

- Redondearase ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Redondearase ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

*D. CONSIDERACIÓNS ANTE PRÁCTICAS FRAUDULENTAS*

No caso de que o profesorado detecte que o alumnado emprega prácticas fraudulentas (copiar, coñecer previamente o contido ...) nas probas e/ou

actividades propostas, será avaliado na citada proba e/ou actividade proposta coa cualificación mínima que permita a lexislación.

## h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Tal e como establece a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, ***os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro,*** tales como rúbricas ou escalas de avaliación.

A rúbrica é unha ferramenta que permite dotar de obxectividade a avaliación dun proceso. Proporciona referencias para valorar todos os aspectos do proceso educativo e ofrece información para a toma de decisións.

As rúbricas son matrices nas que se detallan, para cada indicador, o grao de adquisición do citado logro (escala cualitativa de catro niveis, dende o logro en vías de adquisición ata excelente).

Tal e como establece o Decreto 86/2015, nos artigos 21 (ESO) e 33 (Bacharelato):

*"**O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente**, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas."*

Tales indicadores consisten nunha serie de ítems que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Para a avaliacion do proceso de ensino e a practica docente utilizaranse os seguintes indicadores.

| INDICADORES | | VALORACIÓN (1-4) | OBSERVACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| **Proceso de ensino** | Realiza a avaliación individual co fin de determinar o punto de partida do grupo e avaliar o estado de consecución das competencias clave . | | |
| | Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación. | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía: probas escritas, traballos en equipo, debates, análise do contorno económico, … | | |
| | | Utiliza as TIC no desenvolvemento das clases. | | |
| | | Promove o traballo cooperativo. | | |
| | | Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado. | | |
| | | Procura a transparencia do proceso de avaliación coa entrega, unha vez corrixidos, dos diferentes instrumentos de avaliación empregados, incidindo nos aspectos que son mellorables por parte do alumnado. | | |
| | | Propón a resolución de actividades, exercicios, debates, traballos de investigación... na clase facendo un seguimento continuo. | | |
| | | Mantén informado en todo o momento ao alumnado e as familias dos resultados acadados. | | |
| **Práctica docente** | **Planificación** | Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe recollidos no Decreto 86/2015. | | |
| | | Establece bloques de contidos estruturados en unidades didácticas deseñadas tendo en conta as competencias clave que debe adquirir o alumnado | | |
| | | Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo. | | |
| | | Planifica a actividade educativa coordinada con outras áreas ou materias, como poden ser as Matemáticas, Historia, … | | |
| | | Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias. | | |
| **Práctica docente** | **Motivación.** | Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr. | | |
| | | Analiza os resultados da avaliación co grupo de alumnos/as. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora. | | |
| | | Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados. | | |
| | | Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade. | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquedanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas. | | |
| | | Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate, a análise crítica dos temas propostos. | | |
| | | Fomenta un ambiente cordial na aula. | | |
| | | Fomenta a comunicación fluída alumnado profesor dentro e fóra da aula. | | |
| | | Apoia o proceso de ensino-aprendizaxe en todo momento. | | |
| | **Proceso de avaliación.** | Os criterios de avaliación e cualificación están claramente establecidos. | | |
| | | Emprega instrumentos variados de recollida de información para a avaliación (probas escritas, exercicios prácticos, observación, rúbricas, …) | | |
| | | Emprega diferentes estratexias e procedementos de avaliación atendendo ás características do alumnado. | | |
| | | Desenvolve con total transparencia o proceso avaliativo: información precisa, exposición de resultados, propostas de mellora, … | | |
| | | Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino. | | |

## i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede

## j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Non procede.

## k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Data prevista de realización: durante o mes de setembro

Durante o desenvolvemento das clases formularanse preguntas ao alumnado para investigar sobre os seus coñecementos previos. Hai que ter en conta que a maioría, nunca tiveron antes materias con contidos relacionados coa Economía.

En función dos resultados da proba diseñarase a metodoloxía a empregar e as medidas de atención á diversidade a desenvolver en coordinación co departamento de orientación.

## l) Medidas de atención á diversidade

O Decreto 86/2015, contempla no artigo 33:

*"Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condición de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións no se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas."*

Tal e como se reflicte ao longo desta programación a planificación do proceso de ensino faise de xeito construtivo e progresivo, adaptándose ás carácterísticas e capacidades do alumnado:

- Atención personalizada.
- Deseño de actividades á carta.
- Potenciar o traballo en equipo que facilite as sinerxias.
- Subministración de material de profundización e apoio.
- Aplicación dos protocolos correspondentes.
- Ampliación do tempo para a aplicación dos diferentes instrumentos e procedementos de avaliación ,…

Desenvolveranse medidas de atención á diversidade no marco da *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*.

## m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

O artigo 4 do Decreto 86/2015, establece como elementos transversais:

- A comprensión lectora.
- A expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual.
- As tecnoloxías da información e da comunicación.

- Afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- A educación cívica e constitucional.
- Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade.
- Valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promover a aprendizaxe e resolución pacífica de conflitos.
- Promover valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Promover accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

O departamento traballará como elementos transversais propios:

- Educar para o consumo responsable: análise dos efectos do consumo "irracional" no resto do planeta.
- No marco dunha educación moral e cívica:
  - recoñecemento da función social que desempeñan as empresas, valorando a importancia do seu comportamento ético,
  - preocupación polos aspectos inxustos da realidade económica,
  - valoración crítica do fraude,
  - valoración dos efectos da globalización nos países pobres, co obxecto de facer medrar una conciencia solidaria cos perxudicados e valorar as experiencias de comercio xusto,
- Concienciación e actitude crítica ante o fraude fiscal, á vez que se transmiten valores de equidade e solidariedade implícitos no Estado do benestar.
- Rexeitamento da manipulación das contas empresariais co fin de enganar ós destinatarios
- Educación ambiental, como preocupación polo entorno natural no que se leva a cabo a actividade económica, no marco da procura dun desenvolvemento sostible
- Preocupación ética pola defensa dos dereitos dos traballadores:
  - condicións de traballo seguras e saudables no marco dunha educación para a saúde,
  - erradicación da discriminación das mulleres traballadoras no marco dunha educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.
  - a xestión dos recursos humanos non debe buscar exclusivamente a rendibilidade económica da empresa, senón tamén o enriquecemento dos postos de traballo para que o empregado se vexa motivado e atope sentido o seu labor

## n) **Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico**

- Facilitarase ao alumnado a participación en actividades dentro do marco EDUEMPRENDE. Segura-mente …
- Programa Educación Cívico-Tributaria. Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- i-Comercio: idea o teu comercio! (Dirección Xeral de Comercio - Xunta de Galicia)
  Obxectivo implicar á comunidade educativa, achegar o comercio local aos/as máis novos/as e concienciar sobre a importancia de desenvolver ideas de negocio innovadoras e sostibles dentro do comercio de proximidade.
  Para participar no concurso, o alumnado deberá imaxinar unha proposta de comercio local sostible, desenvolvendo unha idea de negocio de proximidade que sexa innovador porque non exista na súa zona, implante medidas que fomenten a dixitalización e que se basee nos principios do desenvolvemento sostible
- PON O TEU DIÑEIRO A SALVO! Afundación
  A educación é o primeiro paso para facer fronte aos riscos existentes hoxe en materia de ciberseguridade. De aí a necesidade de que a xente nova coñeza as ameazas e os comportamentos que poden provocar fraude nas contornas dixitais.
  Este proxecto educativo pretende promover hábitos seguros, baseándonos na idea de que mentres a xuventude usa Internet de xeito consciente e controlado, podemos promover unha actitude de alerta e sospeita ante mensaxes cativa doras, páxinas web dubidosas ou ofertas enganosas
- ABANCA YOUNG BUSINESS TALENT | 4ª edición
  Simulador empresarial en que o alumnado tomará todo tipo de decisións sobre Marketing, Recursos Humanos e Finanzas.
  Trátase dun programa único a nivel nacional, que permite adquirir experiencia e vivir o que sería a xestión dunha empresa no mundo real.
  Particípase nunha competición a nivel rexional, e se o equipo resulta gañador promociona á competición nacional, o que supón un aliciente apaixonante.
- A FÁBRICA DOS PLANADORES. Obradoiro de iniciativa emprendedora
  O obxectivo é comprender o fluxo económico e financeiro que se xera na actividade de fabricar planadores, facendo o balance e a conta de resultados dun ano de actividade da súa empresa. Paralelamente esta actividade permite fomentar o valor do traballo en equipo e a súa importancia na obtención de resultados
- Finanzas para mortais (Eduemprende, Xunta de Galicia)
- As túas finanzas, o teu futuro (Fundación Junior Achievement)
- Outras propostas por entidades como o GALP (Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro) co programa RELEVO.
- Actividades propostas por Entidades Bancarias, o Banco de España, as Cámaras de Comercio,…

## ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Tan importante como a avaliación do alumnado é avaliar a propia programación co fin de reflexionar e mellorar os resultados cara a vindeiros cursos.

Os indicadores a avaliar serán:

- Comprobación do grao de adquisición das competencias.
- Pertinencia das actividades propostas e secuencia de realización.
- Valoración das estratexias diversificadas que respondan aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Adecuación dos recursos empregados.
- Adecuación dos instrumentos de avaliación.
- Clima na aula.

Instrumentos para realizar a avaliación:

- Diario do profesor. Análise de resultados académicos.
- Contraste con outros departamentos dentro do mesmo centro e con outros compañeiros do mesmo departamento doutros centros.
- Reflexión mensual sobre o seguemento da programación e propostas de mellora no caso de ser preciso.
- Indicadores de logro do para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Os resultados deste proceso de avaliación serán reflectidos na memoria de final de curso na que se fai constar:

- Modificacións introducidas durante o curso na programación.
- Motivo/s das modificacións.
- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación con cursos anteriores.
- Propostas para a revisión da programación.
- Actividades complementarias desenvolvidas
- Análise estatística dos resultados da avaliación final e análise comparativa cos cursos anteriores.

# INICIACION Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL (4º ESO)

## a) Introdución e contextualización

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a compresión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos.

O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e relación entre variables, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade.

Contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc.

Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguea das restantes ciencias sociais.

A materia de Iniciacion a Actividade emprendedora e empresarial de 4º da ESO basease principalmente na formación do espiritu emprendedor do alumnado. Nesta materia pretendese dar a coñecer os principais aspectos da vida empresarial. Tamén pretendese dotar ao alumnado das principais cualidades que debe tener todo emprendedor e darlle unha vision das PEMES como unha das principais saidas laborais no mercado actual. Estrutúrase en 3 bloques.

**BLOQUE 1. AUTONOMIA PERSOAL, LIDERAZGO E INNOVACION.**

O primeiro bloque trata de dotar ao alumnado dunha autonomía no mercado laboral. Neste bloque traballarase o proxecto profesional que todo individuo debe abordar, o concepto da relación laboral e o seu principal instrumento. Tamén traballarase o funcionamento da seguridade social e os principais aspectos relativos á saúde laboral: a prevención de riscos e os primeiros auxilios.

**BLOQUE 2. PROXECTO DE EMPRESA.**

No segundo bloque traballarase o proxecto de empresa como principal ferramenta para transformar unha idea nunha realidade empresarial. Neste bloque desenrolaranse as principais funcións das empresas e traballarase a función contable como unha ferramenta indispensable para o control e planificación da empresa.

**BLOQUE 3. FINANZAS**

No último bloque traballarase a materialización do proxecto de empresa a través dos elementos financeiros inherentes á mesma. Neste bloque trataremos os diferentes tipos de empresas aos que o proxecto pode acceder, as obrigas fiscais e contables da mesma e analizaremos as principais fontes de financiación ás que pode ter acceso unha empresa.

## b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece como competencias clave do currículo:

a. Comunicación lingüística (CCL)
b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)
c. Competencia dixital. (CD)
d. Aprender a aprender. (CAA)
e. Competencias sociais e cívicas. (CSC)
f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
g. Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

A descrición das competencias está recollida no Anexo I da citada Orde.

| | |
|---|---|
| **Comunicación lingüística (CCL)** | ▪ Adquisición de terminoloxía específica, que facilita a interpretación e redacción de informes e documentos que permiten interpretar a realidade.<br>▪ Comunicación dos resultados derivados das investigacións.<br>▪ Lecturas e posteriores debates.<br>▪ Desenvolvemento das probas escritas. |
| **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)** | ▪ Desenvolvemento de estratexias para a solución de exercicios prácticos.<br>▪ Tabulación de datos, representación gráfica e interpretación.<br>▪ Primeira aproximación ás matemáticas financeiras, á elaboración de orzamentos e a estimación da capacidade de endebedamento. |
| **Competencia dixital. (CD)** | ▪ Emprego da web como fonte de información.<br>▪ Emprego da folla de cálculo como instrumento para a resolución de problemas.<br>▪ Emprego de software que facilite a presentación de impacto de datos derivados da investigación. |
| **Aprender a aprender. (CAA)** | ▪ Procurar a aprendizaxe autónoma. |
| **Competencias sociais e cívicas. (CSC)** | ▪ Favorecer o traballo en equipo.<br>▪ Defender posturas nos debates propostos respectando as opinións do resto dos participantes.<br>▪ Mellora da formación como cidadán: racionalidade no gasto, planificación do aforro, selección de investimentos por criterio de rendibilidade, identificación de condicións abusivas, … |
| **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)** | ▪ Fomento da iniciativa persoal, capacita para o cálculo de riscos e, polo tanto, para a toma de decisións. |
| **Conciencia e expresións culturais. (CCEC)** | ▪ Coñecer, comprender e valorar, as diferentes manifestación culturais e artísticas. |

## c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a

dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

## 1. Temporalización

## 2. Grao mínimo de consecución para superar a materia

## 3. Procedementos e instrumentos de avaliación

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos avaliación | Competencias clave |
| | Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | | | | | | |
| ▪ e<br>▪ g | ▪ B1.1. Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.<br>▪ B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. | ▪ B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. | ▪ IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Distinguir as distintas habilidades da persoa emprendedora.<br>▪ | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Coñece distintos tipos de empresas do seu contorno, áreas de actividade nas que operan, postos de traballo que | ▪ Tarefas | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos avaliación | Competencias clave |
| | | | deles. | | precisan e requisitos para o desempeño dos mesmos.<br>▪ | | |
| ▪ b<br>▪ g | ▪ B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. | ▪ B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. | ▪ IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Planifica a súa carreira profesional, tendo en conta tamén a opción do autoemprego. | ▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.4. Dereito do traballo.<br>▪ B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.<br>▪ B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.<br>▪ B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.<br>▪ B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais. | ▪ B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais. | ▪ IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Coñece as normas e institucións que interveñen nas relacións entre empresas e traballadores. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Identifica dereitos e obrigas derivados dunha relación laboral.<br>▪ | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos avaliación | Competencias clave |
| | ▪ B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. | | ▪ IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Coñece o funcionamento do sistema da Seguridade Social, e valora a súa acción protectora. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | ▪ 1 ª avaliación | ▪ Identifica riscos laborais e métodos de prevención dos mesmos. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 2. Proxecto de empresa | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ g | ▪ B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.<br>▪ B2.2. Elementos e estrutura da empresa.<br>▪ B2.3. Plan de empresa.<br>▪ B2.4. Planificación na empresa. | ▪ B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc. | ▪ IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Identifica as partes dun proxecto de empresa. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CSIEE<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Determina o macroentorno e microentorno da empresa. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos avaliación | Competencias clave |
| | | | produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | | | | |
| | | | ▪ IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Fixa a estrutura organizativa da empresa e as funcións de cada departamento. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Planifica as funcións da empresa a curto e longo prazo. | ▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo. | ▪ B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial. | ▪ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Emprega aplicacións informáticas para xestionar datos contables, financeiros, comerciais, de persoal, de clientes e de proveedores. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos avaliación | Competencias clave |
| | | | ▪ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Envía información a clientes, proveedores e entre as áreas da empresa, por medios telemáticos e presenciais. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing.<br>▪ B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas. | ▪ B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo. | ▪ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Elabora material publicitario e un plan de comunicación para dar a coñecer a empresa e os seus produtos e/ou servizos. | ▪ Tarefas | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Simula a toma de decisións en canto a produción e/ou comercialización para cumprir prazos e obxectivos. | ▪ Tarefas | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa | ▪ 2 ª avaliación | ▪ Busca axudas á creación de empresas e selecciona as que se axusten ao seu proxecto de | ▪ Tarefas | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos avaliación | Competencias clave |
| | | | formulado. | | empresa. | | |
| | Bloque 3. Finanzas | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.<br>▪ B3.2. Elección da forma xurídica.<br>▪ B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa. | ▪ B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital. | ▪ IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Coñece as distintas formas xurídicas de empresa, as súas esixencias de capital e as responsabilidades ante as débedas sociais. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ .Coñece as administracións públicas e os documentos precisos para crear e poñer en marcha unha empresa. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CD<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Valora as tarefas das administracións e coñece os trámites que debe realizar ante elas para a | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos avaliación | Competencias clave |
| | | | | | creación da empresa. | | |
| | | | ▪ IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Identifica a forma xurídica máis axeitada a cada situación plantexada. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).<br>▪ B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación. | ▪ B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa. | ▪ IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Sinala os investimentos precisos para a posta en marcha da empresa e coñece as principais partidas do balance de situación. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Coñece as posibles fontes de financiamento, externo e interno, a curto e longo pazo, e o seu custo. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedemento e instrumentos avaliación | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financeira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.<br>▪ B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal. | ▪ B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal. | ▪ IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Elabora nunha folla de cálculo, o estudo de viabilidade económica-financeira da empresa. | ▪ Tarefas | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Identifica os produtos financeiros máis axeitados para a empresa, tendo en conta o custo e risco de cada un. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Identifica as obrigacións fiscais da empresa e distingue o funcionamento do IAE, IVE, IRPF e IS. | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefas | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | ▪ 3 ª avaliación | ▪ Valora o efecto que ten a carga fiscal, para o sostemento do Estado. | ▪ Tarefas | ▪ CSC<br>▪ CAA |

*Distribución das* ***Unidades Didácticas*** *atendendo a bloques de contido:*

*I.* ***Autonomía persoal, liderado e innovación***

Unidade 1: Iniciativa emprendedora
Unidade 2: Carrera profesional e búsqueda de emprego
Unidade 3: O traballo e as relacións laborais.
Unidade 4: A Seguridade Social e os riscos laborais.

*II.* ***Proxecto de empresa***

Unidade 5: A idea de negocio e os elementos da empresa
Unidade 6: O plan de empresa
Unidade 7: A información na empresa
Unidade 8: A área de produción, a área comercial e o márketing.

*III.* ***Finanzas***

Unidade 9: As formas xurídicas das empresas.
Unidade 10: Inversión e financiación.
Unidade 11: Os impostos e a empresa.
Unidade 12: Balance de situación e viabilidade da empresa.

## e) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Todo proceso de ensino-aprendizaxe ten que dispor dos seguintes elementos:

- Planificación tendo en conta os obxectivos a alcanzar,
- Recursos precisos,
- Métodos didácticos máis axeitados,
- Métodos de avaliación,
- Mecanismos de control do proceso.

Seguindo as *Orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula*, reflectidas no Anexo II da Orde ECD/65/2015, a metodoloxía empregada ao longo do curso:

- Deseñarase en función dos condicionantes en que ten lugar o ensino: natureza da materia, condicións socioculturais, dispoñibilidade de recursos, características do alumnado,…
- Terá en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo,
- Axustarase ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo de aprendizaxes máis simples para avanzar cara outras máis complexas,
- Traballará a motivación do alumnado cara á aprendizaxe, facilitando a interacción nas clases,
- Procurará a curiosidade e a necesidade de adquirir coñecementos, destrezas, actitudes e valores co fin de formarse como cidadán,
- Facilitará a aplicación de coñecementos a situación reais, co fin de fixar conceptos, procedementos e valores,
- Facilitará a reflexión, a crítica e o debate,
- Potenciará o uso das TIC facilitando o acceso a recursos virtuais,
- Facilitará a coordinación con outros docentes.

Por todo o exposto anteriormente, a **metodoloxía proposta**, é de ensinanza activa, na que a participación do alumno será un elemento esencial. Para tratar de alcanzar este obxectivo, prestarase atención especial á consecución da súa motivación.

O enfoque metodolóxico estará fundamentado na experiencia e investigación empregando as ferramentas TIC dispoñibles.

O desenvolvemento das clases farase como segue:

- Os conceptos presentaranse de forma progresiva acudindo, con profusión, a datos da vida cotiá.
- Realizaranse numerosas actividades prácticas e lecturas, co fin de reforzar a aprendizaxe.

- Realización de debates e traballos de investigación nos que se valorará a autonomía e iniciativa na toma de decisións, a disposición favorable á participación, a actitude crítica, o traballo previo de documentación, a expresión, ...
- Actividades relacionadas cos medios audiovisuais.

A finalidade desta aprendizaxe é que o alumno logre autonomía na construción do seu propio coñecemento. O estudante debe entón "aprender a aprender" e o docente ten que conseguir transmitirlle as habilidades precisas para esta aprendizaxe.

## f) Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar

Utilizarase o proxector e ordenador, encerado e xiz da aula, e a aula de informática (utilizaranse varios programas principalmente unha folla de calculo, un procesador de textos e un programa de presentacións). Empregarase como ferramenta de traballo a Aula Virtual.

Non se utilizará libro de texto xa que a materia impartirase con apuntes propios do profesor.

Tamén se obterá información da CNMV, BE, Seguridade Social, INE, blogs, xornais, páxinas web de bancos,...

## g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Tal e como establece o Decreto 86/2015,

*"Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.*
*A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de ESO será continua, formativa e integradora.*
*No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo".*

### *I. NOTA DE CADA AVALIACIÓN PARCIAL*

***Os resultados de cada avaliación expresaranse mediante unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez. Calcularase en función de*** *(as probas versarán sobre a totalidade dos contidos expostos ata o momento da celebración):*

***Probas escritas***. Que versarán sobre os contidos recollidos na programación e expostos nas sesións e/ou aula virtual.

**Traballos, actividades e exercicios.**

Realización dos traballos, actividades, probas e exercicios propostos nas sesións e/ou en E-Dixgal.

**A cualificación de cada avaliación parcial obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos:**

| | **Ponderación** |
|---|---|
| ▪ Probas escritas. | **60%** |
| ▪ Traballos, actividades e exercicios realizados ao longo da avaliación | **40%** |

***No caso de realizarse varias probas, o resultado das mesmas calcularase como media aritmética das probas realizadas en cada avaliación.***

***Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta o redondeo será:***

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

**Entenderase superada a avaliación cando o alumno obteña unha nota igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.**

**No caso de non acadar unha avaliación positiva na avaliación, realizarase mínimo unha proba de recuperación, na que o alumnado volverá a examinarse das probas non superadas.**

### *II. AVALIACIÓN FINAL.*

**Entenderase superada a materia, cando se teñan superadas as tres avaliacións parciais.**
**A nota da avaliación final, obterase calculando a media aritmética das notas acadadas en cada avaliación parcial (sen aplicarlles o redondeo).**

***Dado que a nota da avaliación final é numérica exacta:***

- Redondearase ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Redondearase ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

### *III. CONSIDERACIÓNS ANTE PRÁCTICAS FRAUDULENTAS*

No caso de que o profesorado detecte que o alumnado emprega prácticas fraudulentas (copiar, coñecer previamente o contido ...) nas probas e/ou actividades propostas, será avaliado na citada proba e/ou actividade proposta coa cualificación mínima que permita a lexislación.

## h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Tal e como establece a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, ***os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro,*** tales como rúbricas ou escalas de avaliación.

A rúbrica é unha ferramenta que permite dotar de obxectividade a avaliación dun proceso. Proporciona referencias para valorar todos os aspectos do proceso educativo e ofrece información para a toma de decisións.

As rúbricas son matrices nas que se detallan, para cada indicador, o grao de adquisición do citado logro (escala cualitativa de catro niveis, dende o logro en vías de adquisición ata excelente).

Tal e como establece o Decreto 86/2015, nos artigos 21 (ESO) e 33 (Bacharelato):

*"**O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente**, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas."*

Tales indicadores consisten nunha serie de ítems que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Para a avaliacion do proceso de ensino e a practica docente utilizaranse os seguintes indicadores.

Indicadores de logro do proceso de ensino

| INDICADORES | | VALORACIÓN (1-4) | OBSERVACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| **Proceso de ensino** | Realiza a avaliación individual co fin de determinar o punto de partida do grupo e avaliar o estado de consecución das competencias clave . | | |
| | Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación. | | |
| | Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía: probas escritas, traballos en equipo, debates, análise do contorno económico, … | | |
| | Utiliza as TIC no desenvolvemento das clases. | | |
| | Promove o traballo cooperativo. | | |
| | Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado. | | |
| | Procura a transparencia do proceso de avaliación coa entrega, unha vez corrixidos, dos diferentes instrumentos de avaliación empregados, incidindo nos aspectos que son mellorables por parte do alumnado. | | |
| | Propón a resolución de actividades, exercicios, debates, traballos de investigación... na clase facendo un seguimento continuo. | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Mantén informado en todo o momento ao alumnado e as familias dos resultados acadados. | | |
| Práctica docente | Planificación | Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe recollidos no Decreto 86/2015. | | |
| | | Establece bloques de contidos estruturados en unidades didácticas deseñadas tendo en conta as competencias clave que debe adquirir o alumnado | | |
| | | Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo. | | |
| | | Planifica a actividade educativa coordinada con outras áreas ou materias, como poden ser as Matemáticas, Historia, … | | |
| | | Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias. | | |
| Práctica docente | Motivación. | Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr. | | |
| | | Analiza os resultados da avaliación co grupo de alumnos/as. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora. | | |
| | | Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados. | | |
| | | Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade. | | |
| | | Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquedanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas. | | |
| | | Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate, a análise crítica dos temas propostos. | | |
| | | Fomenta un ambiente cordial na aula. | | |
| | | Fomenta a comunicación fluída alumnado profesor dentro e fóra da aula. | | |
| | | Apoia o proceso de ensino-aprendizaxe en todo momento. | | |
| | Pr | Os criterios de avaliación e cualificación están claramente establecidos. | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Emprega instrumentos variados de recollida de información para a avaliación (probas escritas, exercicios prácticos, observación, rúbricas, …) | | |
| | | Emprega diferentes estratexias e procedementos de avaliación atendendo ás características do alumnado. | | |
| | | Desenvolve con total transparencia o proceso avaliativo: información precisa, exposición de resultados, propostas de mellora, … | | |
| | | Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino. | | |

## i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede

## j) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

Non procede.

## k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

O Departamento realizará unha proba de avaliación inicial co fin de:

- coñecer o interese do alumnado pola materia,
- observar o nivel das competencias acadadas ao longo do proceso de ensino,
- valorar o grao de coñecemento do alumnado do contorno social e económico,

Cabe destacar que para a maioría do alumnado supón o primeiro contacto coa materia, dificultade a ter en conta na planificación do traballo a desenvolver co fin de explicar os contidos.

O obxectivo da avaliación inicial é axustar a proposta educativa ás características do alumnado.

En función dos resultados da proba diseñarase a metodoloxía a empregar e as medidas de atención á diversidade a desenvolver en coordinación co departamento de orientación.

## l) Medidas de atención á diversidade

O Decreto 86/2015, contempla no artigo 21:

*"No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptadas en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estará dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o progreso educativo."*

Tal e como se reflicte ao longo desta programación a planificación do proceso de ensino faise de xeito construtivo e progresivo, adaptándose ás carácterísticas e capacidades do alumnado:

- Atención personalizada.
- Deseño de actividades individualizadas.
- Potenciar o traballo en equipo que facilite as sinerxias.
- Subministración de material de profundización e apoio.
- Aplicación dos protocolos correspondentes.

Desenvolveranse medidas de atención á diversidade no marco da *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*.

## m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

O artigo 4 do Decreto 86/2015, establece como elementos transversais:

- A comprensión lectora.
- A expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual.
- As tecnoloxías da información e da comunicación.
- Afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- A educación cívica e constitucional.
- Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade.

- Valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promover a aprendizaxe e resolución pacífica de conflitos.
- Promover valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Promover accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

O departamento traballará como elementos transversais propios:

- Educar para o consumo responsable: análise dos efectos do consumo “irracional” no resto do planeta.
- No marco dunha educación moral e cívica:
  - recoñecemento da función social que desempeñan as empresas, valorando a importancia do seu comportamento ético,
  - preocupación polos aspectos inxustos da realidade económica,
  - valoración crítica do fraude,
  - valoración dos efectos da globalización nos países pobres, co obxecto de facer medrar una conciencia solidaria cos perxudicados e valorar as experiencias de comercio xusto,
- Concienciación e actitude crítica ante o fraude fiscal, á vez que se transmiten valores de equidade e solidariedade implícitos no Estado do benestar.
- Rexeitamento da manipulación das contas empresariais co fin de enganar ós destinatarios
- Educación ambiental, como preocupación polo entorno natural no que se leva a cabo a actividade económica, no marco da procura dun desenvolvemento sostible
- Preocupación ética pola defensa dos dereitos dos traballadores:
  - condicións de traballo seguras e saudables no marco dunha educación para a saúde,
  - erradicación da discriminación das mulleres traballadoras no marco dunha educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.
  - a xestión dos recursos humanos non debe buscar exclusivamente a rendibilidade económica da empresa, senón tamén o enriquecemento dos postos de traballo para que o empregado se vexa motivado e atope sentido o seu labor

## n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

- Facilitarase ao alumnado a participación en actividades dentro do marco EDUEMPRENDE. Segura-mente …
- Programa Educación Cívico-Tributaria. Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

- i-Comercio: idea o teu comercio! (Dirección Xeral de Comercio - Xunta de Galicia)
  Obxectivo implicar á comunidade educativa, achegar o comercio local aos/as máis novos/as e concienciar sobre a importancia de desenvolver ideas de negocio innovadoras e sostibles dentro do comercio de proximidade.
  Para participar no concurso, o alumnado deberá imaxinar unha proposta de comercio local sostible, desenvolvendo unha idea de negocio de proximidade que sexa innovador porque non exista na súa zona, implante medidas que fomenten a dixitalización e que se basee nos principios do desenvolvemento sostible
- PON O TEU DIÑEIRO A SALVO! Afundación
  A educación é o primeiro paso para facer fronte aos riscos existentes hoxe en materia de ciberseguridade. De aí a necesidade de que a xente nova coñeza as ameazas e os comportamentos que poden provocar fraude nas contornas dixitais.
  Este proxecto educativo pretende promover hábitos seguros, baseándonos na idea de que mentres a xuventude usa Internet de xeito consciente e controlado, podemos promover unha actitude de alerta e sospeita ante mensaxes cativa doras, páxinas web dubidosas ou ofertas enganosas
- ABANCA YOUNG BUSINESS TALENT | 4ª edición
  Simulador empresarial en que o alumnado tomará todo tipo de decisións sobre Marketing, Recursos Humanos e Finanzas.
  Trátase dun programa único a nivel nacional, que permite adquirir experiencia e vivir o que sería a xestión dunha empresa no mundo real.
  Particípase nunha competición a nivel rexional, e se o equipo resulta gañador promociona á competición nacional, o que supón un aliciente apaixonante.
- A FÁBRICA DOS PLANADORES. Obradoiro de iniciativa emprendedora
  O obxectivo é comprender o fluxo económico e financeiro que se xera na actividade de fabricar planadores, facendo o balance e a conta de resultados dun ano de actividade da súa empresa. Paralelamente esta actividade permite fomentar o valor do traballo en equipo e a súa importancia na obtención de resultados
- As túas finanzas, o teu futuro (Fundación Junior Achievement)
- Outras propostas por entidades como o GALP (Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro) co programa RELEVO.
- Actividades propostas por Entidades Bancarias, o Banco de España, as Cámaras de Comercio,…

## ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Tan importante como a avaliación do alumnado e avaliar a propia programación co fin de reflexionar e mellorar os resultados cara a vindeiros cursos.

Os indicadores a avaliar serán:

- Comprobación do grao de adquisición das competencias.
- Pertinencia das actividades propostas e secuencia de realización.
- Valoración das estratexias diversificadas que respondan aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Adecuación dos recursos empregados.
- Adecuación dos instrumentos de avaliación.
- Clima na aula.

Instrumentos para realizar a avaliación:

- Diario do profesor. Análise de resultados académicos.
- Contraste con outros departamentos dentro do mesmo centro e con outros compañeiros do mesmo departamento doutros centros.
- Reflexión mensual sobre o seguemento da programación e propostas de mellora no caso de ser preciso.
- Indicadores de logro do para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Os resultados deste proceso de avaliación serán reflectidos na memoria de final de curso na que se fai constar:

- Modificacións introducidas durante o curso na programación.
- Motivo/s das modificacións.
- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación con cursos anteriores.
- Propostas para a revisión da programación.
- Actividades complementarias desenvolvidas
- Análise estatística dos resultados da avaliación final e análise comparativa cos cursos anteriores.

## REFERENCIAS LEGAIS.-

*Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

*Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.*

*Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato.*

*Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

*Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*

*Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022-2023.*

*Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*


I.E.S.
ISAAC DÍAZ PARDO